

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE ABRIL DE 2015**



ÍNDICE

1	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	3
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	4
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	6
4	TEMPERATURA	6
4.1.	Temperatura media das máximas.	9
4.2.	Temperatura media das mínimas.	10
4.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.	11
4.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2015.	15
5	PRECIPITACIÓN	16
5.1.	Precipitación acumulada mensual Abril 2015.	16
5.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	17
5.3.	Días de chuvia en abril de 2015.	18
5.4.	Evolución da precipitación en abril de 2015.	20
6	VENTO	21
7	RADIACIÓN SOLAR	25
7.1.	Mapa de irradiación solar mensual.	25
7.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	26
8	RAIOS.	27

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 25-05-2015



Mes cálido e seco

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de abril comportouse como un mes tipicamente primaveral, con grandes e bruscas variacións nas situación meteorolóxicas. Logo dun comezo de sol e calor, a chegada de aire frío en altura primeiro e borrascas máis tarde, provocou a aparición de días de treboadas e xornadas de chuvia frontal.

Así, o primeiro episodio anticiclónico do mes deuse entre as xornadas do día 1 e o 7, cunha situación en xeral de sol e elevadas temperaturas, principalmente as máximas durante o día que en moitos lugares superaban os 25°C e incluso puntualmente nos vales do interior os 30°C. Os valores foron algo máis baixos no norte por mor dos ventos.

Esta situación, en zonas do litoral, comezou a cambiar na xornada do día 6 co achegamento de néboas dende o mar. O día 7 pola tarde, coa chegada de aire frío en altura, apareceron algúns chuvascos treboentos no interior e houbo un descenso xeral de temperaturas. Entre as máximas do 7 e do 9 rexistrouse un descenso de entre 5°C e 10°C e as chuvias non foron moi intensas pero si xeneralizadas nas xornadas do 9 e o 10.

Entre o 11 e o 14 tivemos o segundo período anticiclónico do mes, con 4 xornadas nas que predominaron as altas temperaturas e os ceos despexados, particularmente os días 12 e 13, aínda que na tarde do 13 rexistráronse algunhas precipitacións treboentas.

A partir do día 15 e durante a segunda metade do mes, a situación quedou caracterizada en xeral pola presenza de bolsas de aire frío preto da península Ibérica, que foron deixando un tempo cambiante e inseguro. Así, os días 16, 17 e 18 rexistráronse chuvias xeneralizadas con algúns fenómenos tormentosos illados e temperaturas baixas, entre os 15°C e os 20°C, pero máis preto dos 15°C.

Sen embargo os días 19 e 20 a zona de aire frío non estivo tan preto da vertical de Galicia, polo que a situación foi algo máis estable, con tempo seco en xeral e incluso valores elevados de temperatura na xornada do 20. Como contraste, na xornada do 21 o aire frío en altura si estivo preto de Galicia e xunto co aire cálido en superficie da xornada anterior fixo que medrasen nubes treboentas de xeito xeneralizado, con máis de 2000 raios contabilizados en toda a Comunidade.

Os días seguintes, entre o 22 e o 27 a situación estivo caracterizada polas chuvias intermitentes e as temperaturas suaves, aínda que relativamente baixas. Nas xornadas do 28 e 29 Galicia quedou nun área intermedia entre as altas e as baixas presións, sen chuvia e con temperaturas propias da época do ano, pero na derradeira xornada un sistema frontal deixou chuvias xeneralizadas, de intensidade moderada na metade oeste.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nas anomalías de presión tanto a nivel de superficie (fig.1) como en 500 hPa (fig.2) pódese apreciar con claridade que as presións foron máis altas do normal nunha franxa que parte do norte de África e que chega ao norte da península Ibérica, onde esta anomalía positiva é aínda máis acusada que no resto deste área.

Isto explica que as temperaturas fosen máis elevadas do agardado neste mes, posto que o anticiclón nesa posición achega aire cálido. Ademais a anomalía é máis marcada en superficie posto que en altura tivemos episodios de aire frío que atenuaron as diferenzas, ocasionaron a presenza de chuvascos e contribuíron a equilibrar o balance de chuvias.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.



**Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa.
Abril 2015**




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI). Debido á necesidade de reubicar a estación de MeteoGalicia na Coruña, emprégase este mes os datos da estación da AEMET nesta cidade.

O valor climático corresponde ao promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuva corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou abril a 1 mm.

A CORUÑA

	ABRIL 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.7	12.4	16.5 (2011)	10.0 (1986)
Tª mínima media	11.2	9.4	12.5 (2011)	7.0 (1986)
Tª mínima absoluta	8.2 (día 2)	2.0 (12/04/1951)		
Tª mínima máis alta	15.3 (día 14)	19.4 (07/04/2011)		
Tª máxima media	18.2	15.5	20.4 (2011)	12.9 (1986)
Tª máxima absoluta	26.2 (día 14)	31.6 (08/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	14.7 (día 16)	8.6 (05/04/1968)		
Precipitación acumulada	59	67-88	232 (1998)	0 (1938)
Días de chuva (≥1 mm)	11	13	27 (1998)	0 (1938)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada é inferior ó rango de valores normais polo que o mes considérase seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuva, inferior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1931-2015 Temperatura: 1948-2015

**SANTIAGO**

	ABRIL 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.1	12.0	16.5 (2011)	8.3 (1986)
Tª mínima media	9.0	7.4	10.7 (2011)	4.0 (1986)
Tª mínima absoluta	4.2 (día 19)	-1.3 (13/04/1986)		
Tª mínima máis alta	13.7 (día 14)	15.4 (07/04/2011)		
Tª máxima media	19.2	16.5	22.3 (2011)	12.6 (1986)
Tª máxima absoluta	27.1 (día 13)	31.0 (07/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	13.0 (día 16)	5.8 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	93	85-151	405 (1998)	33 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	11	15	28 (1998)	6 (2011)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable, sen embargo, o número de días de chuvia foi inferior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2015. Temperatura: 1982-2015

LUGO

	ABRIL 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.4	10.4	15.4 (2011)	8.0 (1986)
Tª mínima media	6.5	5.4	8.4 (2011)	3.5 (1995)
Tª mínima absoluta	1.9 (día 8)	-3.0 (07/04/1975)		
Tª mínima máis alta	10.9 (día 30)	15.0 (03/04/1985)		
Tª máxima media	18.3	15.4	25.6 (2011)	15.0 (1986)
Tª máxima absoluta	26.3 (día 13)	32.8 (08/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	14.0 (día 24)	4.0 (05/04/1968)		
Precipitación acumulada	70	57-77	322 (1998)	8 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	11	12	25 (1998)	3 (1974)

Comentario: Mes cálido en xeral para todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable. Porén, o número de días de chuvia é lixeiramente inferior ó agardado para esta época do ano.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2015. Temperatura: 1966-2015

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	ABRIL 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	15.2	12.6	17.3 (2011)	10 (1986)
Tª mínima media	9.9	7.3	11.1 (2011)	4.6 (1986)
Tª mínima absoluta	6.3 (día 29)	-1.5 (06/04/1975)		
Tª mínima máis alta	14.2 (día 30)	14.7 (28/04/1997)		
Tª máxima media	20.5	17.9	23.5 (2011)	15.0 (1978)
Tª máxima absoluta	30.3 (día 13)	31.2 (06/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	14.7 (día 16)	9.1 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	97	102-128	430 (2000)	18 (1967)
Días de chuvia (≥1mm)	14	13	28 (1998)	3 (1980)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada estivo lixeiramente por debaixo do valor normal de precipitación, resultando o mes seco. Isto contrasta cun número de días de chuvia superior ó agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación: 1958-2015. Temperatura: 1958-2015

OURENSE

	ABRIL 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.9	12.7	17.4 (2011)	9.3 (1986)
Tª mínima media	7.4	6.3	9.2 (1984)	3.2 (1973)
Tª mínima absoluta	4.3 (día 4)	-3.2 (06/04/1975)		
Tª mínima máis alta	11.9 (día 30)	14.8 (13/04/1988)		
Tª máxima media	22.3	19.1	25.6 (2011)	15.0 (1986)
Tª máxima absoluta	29.5 (día 2)	32.9 (07/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	14.0 (día 18)	8.0 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	71	42-65	189 (2000)	12 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	9	11	25 (2000)	3 (1982)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas medias e mínimas, mentres que para as máximas o mes resultou moi cálido nesta localidade.

A precipitación rexistrada é superior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido, o que non se reflicte no número de días de chuvia, inferior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación: 1973-2015. Temperatura: 1972-2015



4 TEMPERATURA

As temperaturas en media foron máis altas do normal para un mes de abril. Esta anomalía positiva explícase principalmente polos elevados valores rexistrados no primeiro evento anticiclónico, entre os días 1 e 7, acompañadas polo segundo episodio de altas presións entre o 11 e o 14. Os días con precipitacións non foron demasiado fríos, agás algunha xornada concreta, e polo tanto esta anomalía positiva acumulada na primeira quincena do mes terminou prevalecendo no cálculo final.

4.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de abril de 2015.

En conxunto, o valor medio das temperaturas máximas no mes de abril foi de 17.7 °C. Os valores máis baixos en torno ós 8 °C acadáronse en Cabeza de Manzaneda e zona de Trevinca. Os valores máis altos, con case 23°C, rexistráronse principalmente na comarca do Ribeiro e zonas de O Carballiño.

4.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de abril foi de 6.9 °C, onde os valores máis baixos, preto de 1°C, déronse na Baixa Limia, e Cabeza de Manzaneda, en Valdeorras e no Carballiño. Os valores máis altos de temperatura mínima, con case 13 °C, rexistráronse na Ría de Vigo.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de abril de 2015.

4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.

A anomalía no conxunto de Galicia no mes de abril de 2015, foi de 2.6 °C, polo que o mes considérase cálido. As zonas con menores desviacións da normalidade estiveron entorno a 1°C positivo e as que acadaron temperaturas máis elevadas chegaron a preto dos 3°C de anomalía positiva, como no interior da Coruña e a parte oriental da provincia de Lugo. Estas zonas poden cualificarse neste mes de abril como moi cálidas.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de abril respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. A distribución das anomalías máis altas correspóndese principalmente ás comarcas de Sarria e Os Ancares..

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cervantes	Lugo	3.6
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.6
Triacastela	Lugo	3.6
Becerreá	Lugo	3.4
Nogais (As)	Lugo	3.4
Samos	Lugo	3.4
Santiago de Compostela	A Coruña	3.3
Baralla	Lugo	3.3
Oroso	A Coruña	3.3
Baleira	Lugo	3.2

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de abril de 2015.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Monforte de Lemos	Lugo	1.1
Carnota	A Coruña	1.4
Fisterra	A Coruña	1.4
Ribeira	A Coruña	1.4
Pobra do Caramiñal	A Coruña	1.5
Muros	A Coruña	1.5
Corcubión	A Coruña	1.6
Porto do Son	A Coruña	1.6
Cee	A Coruña	1.6
Boiro	A Coruña	1.6

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de abril de 2015.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1971-2000. Déronse principalmente nas Rías de Muros e Corcubión e Cee.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de abril de 2015 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Nas xornadas do 2 e o 13 acadáronse os valores máis altos de temperatura.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
02/04/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	30.8
02/04/2015	Remuíño	Arnoia	Ourense	30.7
13/04/2015	Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	30.3
13/04/2015	Barrantes	Ribadumia	Pontevedra	30.1
02/04/2015	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	30.0
05/04/2015	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	30.0
13/04/2015	Torrequeintáns	Meis	Pontevedra	29.9
13/04/2015	Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	29.9
13/04/2015	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	29.8
13/04/2015	Prado	Castro de Miño	Ourense	29.8

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2015 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
02/04/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	23.4
02/04/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	22.5
03/04/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	21.8
03/04/2015	Xurés	Muíños	Ourense	21.6
02/04/2015	Xares	A Veiga	Ourense	21.0
21/04/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	20.9
02/04/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	20.9
02/04/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	19.9
02/04/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	19.9
02/04/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	19.3

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2015 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de abril de 2015 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada do 4 de Abril foi especialmente fría en localidades situadas tanto a baixas como grandes altitudes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
29/04/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-2.4
29/04/2015	Xares	A Veiga	Ourense	-2.3
29/04/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-1.3
04/04/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-1.0
19/04/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-0.6
04/04/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-0.5
28/04/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	-0.1
04/04/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	0.2
29/04/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	0.3
04/04/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	0.7

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2015 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
04/04/2015	Baltar	Baltar	Ourense	-5.0
04/04/2015	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-4.4
02/04/2015	Lanzós	Vilalba	Lugo	-1.4
04/04/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-1.4
04/04/2015	Courel	Folgosos	Lugo	-1.2
01/04/2015	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-0.6
04/04/2015	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-0.5
23/04/2015	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-0.2
04/04/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	0.0
02/04/2015	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	0.3

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2015 altitude inferior a 1000m.



4.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2015.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 14.0 °C.




Figura 7: Temperatura media ó longo do período 1961-2015 para abril.

A anomalía media para este mes de abril en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 2.5 °C, o que fai que o mes poida considerarse cálido.




Figura 8: Evolución da anomalía de temperatura media en abril, respecto ó período 1971-2000.

5 PRECIPITACIÓN

As chuvias acumuladas durante o mes foron menos cuantiosas do normal. Ademais, como normalmente sole suceder no mes de abril, os días de chuva estiveron repartidos entre días de tormenta, con precipitación convectiva, e días con chuva frontal provocada pola chegada de borrascas.

Os valores de precipitación máis elevados con máis de 170 L/m², déronse no interior da provincia de Pontevedra. Porén, Cedeira e parte da Mariña Luguesa, ademais de Verín, rexistraron valores moi baixos de precipitación (preto dos 40 L/m²). O valor medio de precipitación para toda a Comunidade galega foi de 90 L/m².

5.1. Precipitación acumulada mensual Abril 2015




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de abril de 2015.



5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

Os valores máis altos de porcentaxe de desviación da precipitación con respecto dos normais tiveron lugar principalmente nas localidades limítrofes cos Ríos Miño e Sil, polo seu paso pola provincia de Ourense. Estas localidades resultaron húmidas. Na outra banda, atópanse a baixa porcentaxe de precipitación que afecta principalmente a metade norte da Comunidade e o Macizo de Manzaneda, onde houbo zonas cunha porcentaxe de precipitación dun 67% menos da precipitación normal, resultando seco. En xeral o mes considérase seco, cunha porcentaxe do 26% da precipitación normal con respecto o período climático 1971-2000..




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de abril de 2015.



5.3. Días de chuvia en abril de 2015

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 11.5. Os valores máximos obtivéronse na Península do Morrazo, onde case se acadan os 14 días de chuvia.. Os valores máis baixos estiveron na comarca de Valdeorras e en Monforte de Lemos, con valores próximos os 7 días.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de abril de 2015.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de abril. As xornadas do 25 e o 30 foron as que rexistraron máis precipitación.

Precipitacións acumuladas máximas en abril de 2015			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	174
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	166
Pereira	Forcarei	Pontevedra	161
Muralla	Lousame	A Coruña	159
Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	154
Lesende	Lousame	A Coruña	142
Caldas de Reis	Caldas de Reis	Pontevedra	141
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	139
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	136
Cespón	Boiro	A Coruña	134

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de abril de 2015.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Muralla	Lousame	A Coruña	61	30/04/2015 0:00
Entrimo	Entrimo	Ourense	55	25/04/2015 1:00
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	52	30/04/2015 0:00
Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	47	25/04/2015 12:30
Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	47	25/04/2015 3:30
Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	46	25/04/2015 0:40
Lesende	Lousame	A Coruña	46	25/04/2015 0:30
Cespón	Boiro	A Coruña	44	30/04/2015 0:00
AMEzquita	A Mezquita	Ourense	42	25/04/2015 4:10
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	41	25/04/2015 12:10

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de abril de 2015.

5.4. Evolución da precipitación en abril de 2015

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 90 L/m².




Figura 12: Precipitación ó longo do período 1961-2015 para abril.

A anomalía media das precipitacións para este mes de abril en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas foi dun 16 % por debaixo do normal, o que fai que o mes poida considerarse en conxunto seco.




Figura 13: Evolución da anomalía de precipitación en abril, respecto ó período 1971-2000.









6 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de abril. Só na estación de Punta Candieira se superior varias veces este limiar.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en abril				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
04/04/2015	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	111.9

Táboa 9: Refachos máximos superiores ós 100 km/h en abril de 2015.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	86.3	NE	13		
		Día 4				
Pta. Candieira	Cedeira	111.9	SO	6		
		Día 4				
Malpica	Malpica	69.3	SE	4		
		Día 4				









PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	72.3	SO	4		
		Día 30				
Río do Sol	Coristanco	72.1	S	2		
		Día 30				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Abril de 2015 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	92.7	E	6		
		Día 30				
Ancares	Cervantes	82.2	S	9		
		Día 8				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Abril de 2015 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	70.7	SO	6		
		Día 13				
Rodicio	Maceda	62.2	NE	7		
		Día 15				
Gandarela	Celanova	58.0	SE	29		
		Día 8				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Abril de 2015 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	74.4	S	9		
		Día 4				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	66.6	NE	7	<p>INTENSIDADES PORDEBARAS COA DIRECCIÓN # Ons-A4 # 842915</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Ons-A4 # 842915</p>
		Día 4				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Abril de 2015 na provincia de Pontevedra.



7 RADIACIÓN SOLAR

7.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de Abril de 2015.



7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



8 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 2547 raios en Galicia, dos que 2052 rexistráronse na xornada do 21. As provincias de Ourense e A Coruña, rexistraron o maior número de raios.



Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en abril de 2015.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en abril 2015.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 4

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m ²			BHC l/m ²	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m ²	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
Lugo																												
A Pontenova	11.0	16.2	24.8	14	7.2	3.6	2	70	13.9	27	-	83	97	62	43	170	1499	-	-	--	-	-	--	-	18	0		
Abradelo	11.2	16.8	23.4	2	6.5	2.2	4	103	17.7	26	-	72	91	50	47	184	1607	-	-	--	-	-	--	-	15	0		
Alto de Cerredo	10.1	14.5	21.3	13	6.4	2.3	4	69	10.7	26	--	77	92	56	-	-	-	8	63	30	909			16	0			
*Alto do Faro	10.0	15.1	21.9	13	5.4	2.3	4	55	13.1	25	-	76	95	51	-	-	-	8	41	30	922			16	0			
*Alto do Poio	7.8	11.7	18.5	2	4.0	0.2	4	119	20.8	25	-	72	89	53	-	-	-	12	65	8	-			14	0			
Ancares	8.2	12.4	19.3	2	4.4	0.3	29	120	20.5	26	28	71	86	52	45	178	1559	17	82	8	866			14	0			
*Borreiros	12.8	18.0	26.0	14	8.3	3.0	2	59	8.8	17	-28	78	94	57	42	165	1486	5	52	30	1011			14	0			
Bóveda	12.4	19.7	26.5	13	5.9	1.7	5	81	21.8	26	-19	75	95	46	49	193	1634	6	46	5	968			17	0			
Burela	11.4	14.5	23.2	14	8.9	6.5	2	79	22.9	25	-1	82	95	64	40	161	1487	15	93	30	970			12	0			
Campus Lugo	11.9	18.3	26.3	13	6.5	1.9	8	70	13.8	27	-23	76	93	50	44	174	1606	5	45	25	972			14	0			
Castro R. de Lea	11.2	17.9	25.9	13	5.9	0.7	2	62	10.7	18	-	89	100	59	47	186	1562	-	-	--	970			16	0			
Conchada	12.1	18.3	25.1	2	7.2	2.6	4	73	15.3	26	-	74	94	50	43	170	1429	-	-	--	-			15	0			
Corno do Boi	10.3	16.0	24.1	13	6.2	2.9	7	91	17.1	25	4	81	97	55	47	187	1597	14	70	30	-			15	0			
Courel	11.6	17.4	24.7	2	6.8	-1.2	4	109	18.4	25	3	66	86	44	43	171	1494	9	60	8	929			15	1			
*Fontaneira	10.0	15.2	22.3	13	6.0	1.9	4	91	17.3	26	2	78	93	56	43	170	1570	5	55	30	912			16	0			
Foz	12.6	16.8	23.6	14	8.8	3.9	2	57	10.2	9	-	83	96	66	46	183	1623	-	-	--	1011			15	0			
Fragavella	10.2	14.3	23.4	14	6.7	2.0	2	89	21.0	27	10	83	96	62	45	178	1544	15	81	30	949			15	0			
Guitiriz	10.4	15.6	23.0	13	6.7	4.0	28	130	24.9	26	43	78	94	55	47	185	1542	14	62	30	940			16	0			
*Labrada	10.2	14.3	22.6	14	6.9	3.7	18	123	22.4	30	41	79	93	58	41	163	1500	11	54	30	-			14	0			
*Lanzós	10.4	16.4	24.5	13	4.2	-1.4	2	76	10.6	25	--	81	98	58	-	-	-	9	44	6	963			12	3			
*Lourenzá	12.8	18.6	28.8	14	7.5	1.9	2	53	14.6	27	-	82	97	59	-	-	-	6	53	30	-			16	0			
Marroxo	12.0	17.7	24.0	13	7.4	2.8	5	77	13.4	25	-19	74	93	48	45	176	1540	7	57	13	945			17	0			
*Míllara	13.3	21.6	29.5	13	7.2	3.1	2	53	14.4	25	-	76	98	45	-	-	-	2	33	16	-			15	0			
*Morelle	11.8	19.2	25.9	13	5.2	0.6	7	95	24.6	26	8	80	98	50	40	157	1490	4	32	3	970			15	0			
O Cebreiro	7.7	13.3	20.9	2	3.2	-0.5	4	123	23.9	25	37	77	94	57	45	177	1565	11	63	5	871			14	3			
O Xipro	10.6	16.3	22.9	21	6.0	2.6	4	75	16.9	9	-16	77	94	52	46	181	1570	9	64	1	928			18	0			
*Olveda	11.1	17.5	24.7	13	5.5	1.9	19	54	12.2	26	-38	80	98	51	46	181	1636	4	33	30	-			16	0			
Pedro Murias	13.2	17.0	24.0	14	9.6	5.0	7	61	11.7	9	-23	82	93	68	47	185	1531	10	69	30	1014			14	0			
Penedo do Galo	10.7	14.3	24.6	14	8.0	5.5	4	48	6.3	19	-	74	88	55	44	176	1545	-	-	--	-			14	0			
Pol	10.8	16.7	24.4	13	6.6	3.1	7	63	17.8	9	-	79	96	52	48	188	1612	-	-	--	943			13	0			
Portomarín	11.7	18.9	25.6	13	5.8	1.4	2	80	16.8	26	-	80	97	51	31	122	1435	-	-	--	967			17	0			
Sambreixo	11.0	17.3	24.2	13	5.4	0.3	2	75	14.0	9	-	78	95	51	45	180	1535	-	-	--	-			16	0			
*San Clodio	13.5	21.3	27.7	2	7.1	3.7	5	78	20.4	26	-	76	98	45	-	-	-	2	32	3	988			16	0			
*San Fiz	12.7	19.0	26.1	13	7.4	3.4	2	77	21.1	25	-21	77	96	50	42	166	1618	6	44	17	973			20	0			
Ventosa	10.2	15.7	22.6	13	5.3	0.7	4	97	16.3	26	3	74	93	51	45	177	1570	10	62	30	914			16	0			
*Vilamor	12.6	17.8	27.6	14	7.9	1.8	2	73	15.2	27	-14	76	90	55	40	157	1492	6	42	30	-			13	0			
*Xabrega	12.9	20.5	27.4	2	6.9	3.1	4	67	19.7	25	-	72	92	43	-	-	-	6	47	17	981			17	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 4

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m ²			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m ²	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m ²	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Ourense																											
A Mezquita	10.0	15.4	21.8	3	4.6	1.3	29	82	34.8	25	-20	69	88	48	48	190	1640	12	67	8	903	14	0				
*A Portela	13.8	20.7	27.2	2	7.8	3.2	20	70	15.8	25	-9	71	92	46	31	122	1468	6	40	25	-	14	0				
*A Trabe	11.8	16.7	22.6	3	7.0	3.3	23	77	25.9	25	-29	67	84	50	49	193	1667	6	60	5	929	16	0				
Alto do Rodicio	10.0	14.6	21.4	2	5.6	0.4	4	111	24.0	25	29	76	93	53	41	163	1362	13	62	15	907	14	0				
Amiudal	12.5	18.4	25.1	2	7.7	2.1	4	97	23.3	15	-9	71	89	47	50	197	1679	10	51	16	955	16	0				
As Petarelas	12.9	19.5	26.7	2	7.1	1.2	4	72	17.9	22	-	64	85	39	50	197	1764	-	-	--	-	19	0				
Baltar	10.5	17.0	22.3	3	3.5	-5.0	4	55	20.0	25	-47	70	96	43	48	191	1685	10	60	5	926	14	5				
Cabeza de Manzaneda	5.3	9.4	16.0	2	1.7	-2.4	29	82	25.8	25	--	75	89	56	--	--	--	--	--	--	--	--	826	15	7		
*Calvos	9.9	16.3	23.1	2	2.5	-4.4	4	78	22.8	25	-17	74	97	47	-	-	-	8	48	13	-	16	9				
Casaio	9.5	13.6	19.9	2	5.6	2.2	29	58	11.7	25	--	--	--	--	-	-	-	8	66	8	-	13	0				
*Corzos	8.6	14.7	20.9	21	3.1	-0.1	28	68	19.3	25	--	71	89	48	-	-	-	7	45	25	-	16	2				
Entrimo	12.0	17.8	25.3	5	7.2	2.9	29	113	51.8	25	-	72	89	51	40	158	1487	-	-	--	-	13	0				
*EVEGA Leiro	14.1	23.8	30.8	2	6.4	0.0	4	75	20.2	25	-	74	96	39	-	-	-	3	33	17	1006	16	0				
Gandarela	12.7	18.8	25.0	2	7.7	3.2	4	51	14.3	25	-54	72	93	47	49	192	1612	9	58	8	947	12	0				
Lardeira	6.5	10.4	16.8	2	3.0	-1.3	29	70	13.1	25	-18	72	87	53	49	194	1684	21	98	25	840	16	3				
*Larouco	13.1	19.6	26.4	2	7.1	3.1	20	70	11.8	26	-	64	87	39	-	-	-	3	33	13	958	14	0				
Laza	12.4	19.1	25.4	2	6.3	1.9	4	67	18.0	25	-35	70	93	45	-	-	-	6	57	21	-	17	0				
Monte Medo	12.3	18.6	24.8	2	6.3	2.6	23	66	18.2	25	-	68	93	40	43	168	1604	-	-	--	-	0	0				
O Invernadeiro	9.2	15.6	23.4	2	3.3	-1.0	4	127	37.2	25	41	73	92	52	44	172	1469	9	65	13	903	18	2				
Ourense	14.3	22.3	29.5	2	7.4	4.3	4	71	23.0	25	-	71	95	39	-	-	-	-	-	--	-	15	0				
Ourense-Estacións	15.0	22.7	30.0	2	8.5	5.3	5	58	20.6	25	-46	69	93	39	45	180	1559	4	38	17	1004	15	0				
*Pazo de Fontefiz	13.3	19.3	26.2	2	8.2	3.5	23	86	23.1	25	-4	68	87	44	32	125	1326	4	38	26	972	17	0				
*Ponte Boga	13.0	19.6	26.6	13	7.3	2.9	20	68	15.0	25	-32	65	87	40	41	162	1440	5	41	14	964	18	0				
*Prado	14.1	22.4	29.8	13	7.5	3.2	4	81	24.4	25	--	74	95	43	-	-	-	3	38	21	1004	17	0				
Remuíño	14.0	23.5	30.7	2	7.1	1.9	4	97	26.4	25	-	77	98	41	43	169	1554	4	46	13	-	15	0				
*Riós	11.2	17.0	23.6	3	5.7	2.2	23	55	17.7	25	-45	71	91	48	45	178	1644	5	33	13	-	15	0				
San Xoán de Río	9.8	15.1	22.5	2	5.1	0.7	4	73	16.4	25	-18	75	94	51	43	169	1527	13	67	13	902	17	0				
Serra do Eixe	8.7	13.6	19.9	2	4.5	1.5	29	75	12.4	9	-19	72	90	49	47	187	1632	15	72	25	881	17	0				
Verín-Vilamaior	12.9	19.6	25.8	3	7.0	1.8	4	62	15.2	10	-41	69	90	45	43	171	1538	7	59	8	956	14	0				
Verín-Vilela	12.2	20.4	26.2	3	4.2	-1.4	4	55	13.4	10	-45	75	98	44	49	194	1644	5	44	13	-	15	2				
Viana do Bolo	10.9	16.8	23.2	2	4.9	-0.5	4	77	26.0	25	-18	71	93	49	43	168	1547	9	46	13	922	12	2				
*Xares	5.7	10.5	21.0	2	1.8	-2.3	29	81	21.6	25	--	73	88	53	--	--	1372	18	85	13	826	16	6				
*Xinzo	11.6	18.2	24.7	3	4.9	-0.2	23	89	23.4	25	-11	75	97	51	47	187	1685	5	49	13	-	17	1				
Xurés	10.2	14.7	21.6	3	6.0	1.6	29	99	28.0	25	-1	71	88	51	46	180	1589	17	71	13	899	15	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 4

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva	Xeada
Pontevedra																											
*A Armenteira	13.3	18.6	27.5	13	8.3	5.3	28	122	31.0	30	26	77	94	57	48	191	1587	3	46	30	-	16	0				
A Granxa	14.2	21.6	29.8	13	7.5	1.4	4	119	29.2	25	19	76	98	47	49	194	1623	4	41	13	1014	15	0				
A Lanzada	14.6	19.4	29.0	13	10.1	6.4	19	99	28.0	18	-6	77	93	57	56	220	1670	15	62	5	-	13	0				
*Areas	14.7	21.5	29.1	13	9.3	5.0	29	108	35.0	25	-	76	94	51	-	-	-	3	38	4	-	16	0				
*Areiro	14.8	20.1	28.7	13	10.3	6.8	29	98	17.2	25	--	74	90	54	-	-	-	4	30	1	1009	19	0				
*As Eiras	14.6	20.5	28.2	13	9.5	5.0	29	84	29.4	25	-21	76	93	51	50	197	1697	3	35	25	1012	14	0				
*Barrantes	14.3	19.6	30.1	13	9.0	4.2	29	87	21.0	18	2	76	93	54	-	-	-	4	40	3	-	13	0				
Caldas de Reis	13.8	19.7	27.7	2	9.1	6.2	19	141	29.4	30	--	75	93	52	51	200	1598	-	-	--	987	16	0				
*Camanzo	13.5	20.0	27.8	13	7.8	3.7	23	93	14.2	25	-7	77	95	51	47	188	1631	6	50	23	994	16	0				
Castro Vicaludo	12.8	16.3	24.4	13	9.7	6.2	4	75	30.0	25	-23	76	87	62	50	199	1583	15	74	25	962	13	0				
Castrove	13.5	18.5	27.2	13	9.6	6.7	29	125	40.6	30	20	73	89	56	46	182	1532	11	73	3	968	15	0				
*Cequeleños	14.6	21.7	30.0	5	9.3	5.2	11	108	34.2	25	-7	74	93	46	49	195	1645	9	47	17	-	16	0				
Corón	14.9	18.8	29.0	13	11.4	7.4	19	97	27.6	18	-15	76	92	57	57	227	1834	15	71	4	1016	13	0				
*Entenza	14.6	21.6	29.7	13	9.1	5.0	11	114	46.2	25	14	76	94	50	44	175	1558	3	33	12	-	16	0				
Fornelos de Montes	12.2	16.5	24.5	3	8.9	4.9	19	174	32.6	30	73	72	87	55	44	172	1399	16	74	4	937	18	0				
Illas Cíes	15.0	18.4	26.8	13	12.1	9.7	19	65	16.5	25	-45	78	91	63	56	222	1835	12	64	13	-	13	0				
*Louredo	13.3	19.0	27.6	13	8.8	4.3	4	127	32.2	25	-	78	93	56	-	-	-	3	26	13	989	20	0				
Lourizán	14.8	20.9	30.3	13	10.1	6.3	29	97	16.4	17	-2	80	96	57	46	184	1631	5	34	25	1012	15	0				
*Meder	14.6	21.1	28.3	3	9.3	5.3	11	120	33.1	25	--	68	86	44	-	-	-	3	28	13	1001	20	0				
Monte Aloia	12.8	18.0	27.3	13	8.7	5.0	4	110	31.2	25	17	76	92	59	48	189	1491	9	57	25	962	18	0				
Mouriscade	11.3	18.4	25.6	2	4.2	-0.6	1	68	16.0	25	-29	78	93	58	51	200	1698	6	45	15	960	19	1				
O Viso	14.1	20.3	28.2	13	9.6	6.0	4	119	20.9	25	11	74	90	54	52	205	1634	11	59	13	987	14	0				
Ons	14.2	17.9	26.1	13	11.2	8.5	4	73	17.8	18	-37	80	93	64	61	242	1936	18	67	4	1005	13	0				
*Pé Redondo	14.9	19.9	28.8	13	10.4	7.4	19	117	22.8	30	17	75	91	55	46	184	1566	4	44	25	-	14	0				
Pereira	11.3	16.3	23.1	13	6.8	2.6	4	161	26.2	26	-	76	93	54	50	199	1691	-	-	--	936	21	0				
*Ponte Caldelas	13.5	18.1	25.9	2	9.0	4.2	29	136	26.7	25	29	70	86	52	-	-	-	7	46	4	977	18	0				
Queimadelos	14.1	20.4	28.5	2	9.8	6.6	29	154	38.2	25	69	73	88	54	31	121	1277	3	35	3	976	13	0				
Rebordelo	12.8	18.9	27.3	2	6.7	2.0	29	139	24.0	30	-	76	96	53	50	198	1655	-	-	--	976	16	0				
Sanxenxo	15.1	19.8	29.9	13	10.9	5.9	19	88	15.6	17	-24	72	88	52	53	208	1803	5	47	25	1015	15	0				
Serra do Faro	9.8	14.4	21.2	2	5.9	2.1	29	71	24.4	25	-18	74	89	54	44	173	1425	20	68	30	905	18	0				
*Simes	14.5	19.8	29.0	13	9.5	6.1	28	93	21.4	30	-4	74	91	53	-	-	-	3	39	3	-	14	0				
*Soutomaior	14.4	19.7	28.6	13	10.1	6.9	29	133	26.8	25	--	69	83	49	-	-	-	3	27	29	998	16	0				
*Torrequeixán	14.7	20.0	29.9	13	9.7	5.4	29	96	20.0	30	-9	67	84	47	49	195	1630	5	49	25	1010	17	0				
*Tremoedo	14.6	19.7	28.5	13	10.0	5.3	29	87	20.7	18	--	71	87	50	-	-	-	4	43	3	1010	18	0				
Vigo	15.4	20.0	29.8	13	11.5	8.2	19	83	23.2	18	-	78	93	55	-	-	-	-	-	--	-	15	0				
Vigo-Campus	13.5	17.2	25.1	13	10.5	6.5	18	104	31.2	25	-12	66	80	49	53	210	1738	10	63	25	965	14	0				
Xesteiras	11.3	15.3	22.9	13	8.0	2.8	4	166	52.4	30	-	75	88	58	-	-	-	23	86	4	-	16	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.